

**LA
PRIMAVERA**

Vivaldi

1.Datos técnicos da obra.

TÍTULO COMPLETO DA OBRA: As catro estacións ; La primavera ; 1º movemento. **AUTOR:** Antonio Lucio Vivaldi.

ANO DA

COMPOSICIÓN: 1723 aproximadamente.

PERIODO MUSICAL: Barroco.

FORMA

MUSICAL: Concerto grosso.

FUNCIONALIDADE: Foi creada para que a través da música se pudiera ver a descripción que se fai con respecto ás estacións do ano.

VERSIÓN ESCOITADA:

Primavera, primeiro movemento: Allegro

BIOGRAFÍA DO AUTOR

Antonio Lucio Vivaldi naceu en Venecia o 4 de marzo de 1678 e morreu o 28 de xullo de 1741 na cidade de Viena.

A súa maestría vése reflexada en haber incrementado o xénero do concerto, o máis importante da súa época. Compuxo unhas 770 obras e entre elas atópanse máis de **400 concertos** e aproximadamente **46 óperas**. Era especialmente coñecido a nivel popular por ser o autor da serie de concertos para violín e orquesta.



Profesi3ns musicais

- **Estudou co seu pai**, violinista na catedral de San Marcos.
- Ordenouse **sacerdote** en 1703, chamábanno il prete rosso (el cura pelirrojo).
- Comenzou a ensinar no Ospedale della Piet3, que era un conservatorio para nenas orfas. Traballou al3 como **director musical** ata 1740, como **profesor** e compoñ3a concertos e oratorios para os concertos semanais a trav3s dos que consiguera unha fama internacional.
- A partir de 1713 Vivaldi tam3n traballou como **compositor e empresario** de 3peras en Venecia e viaxaba a Roma, Mantua e outras cidades para supervisar as representaci3ns das s3as 3peras.
- Hacia 1740 entrou ao servicio da corte do emperador Carlos VI en Viena.

Obras musicais

- A súa produción musical foi moi abundante e variada.
- Compuxo casi 700 obras, entre as que hai **46 óperas**, **70 sonatas**, **195 composicións vocais**, entre as que se contan **45 cantatas de cámara** e **554 composicións instrumentais**, na súa maioría concertos.
- Os máis coñecidos son os doce que compoñen **Il cimento dell'armonia e dell'invenzione** (1725). Os primeiros catro concertos inclúen as célebres **Catro estacións**. Ésta obra é un exemplo sobresaínte da **música programática**. Ten unha importancia capital por supoñer a ruptura do paradigma do *concerto soli*, establecido polo mesmo Vivaldi.
- Arredor de 350 dos seus concertos están escritos para instrumentos solista e cordas, dos cales **230 son para violíns**, sendo os outros para instrumentos como fagot, violonchelo, oboe, flauta, entre outros. Cerca de 40 concertos son para dous instrumentos e cordas e unha treintena son para tres ou máis instrumentos e cordas.
- Tamén compuxo cerca de **46 óperas** e gran cantidade de música coral sacra, como o **Magnificat**. A súa música relixiosa inclúe composicións como o oratorio **Juditha Triumphans** (1716), el *Gloria* en re (1708), misas e motetes.

Análise musical

·As catro estacións é o título dunha serie de catro concertos para violín e orquesta do compositor italiano Vivaldi, incluído no II cimento dell'armonia e dell'inventione. Trátase dunha obra descriptiva ou programática que propón ao oínte o reto de traducir musicalmente as imaxes sonoras de catro sonetos. O primeiro dos concertos para violín consta dos tres movementos acostumados según o esquema rápido-lento- rápido.

·O primeiro concerto é o da primavera, concretamente do primeiro movemento: Allegro. Este primeiro movemento pon en sonido as dúas primeiras estrofas do soneto correspondente a "La Primavera" . A música fai referencias moi claras ao canto dos paxaros, ao murmullo das fontes, tronos e raios.

·Está escrito en Mi maior e cun compás de 4/4. Ten forma de concerto con ritornelli, é dicir, está estruturado como unha serie de episodios solistas e orquestrais.

·Pódense diferenciar varios periodos nesta audición:

·**Un primeiro episodio** que describe o canto dos paxaros mediante o intercambio de figuracións entre o solista e os dous violíns da orquesta. Este episodio da lugar a un ritornello en Mi maior.

·**Un segundo episodio** no que a orquesta describe o rumor das fontes nunha pasaxe que alterna as armonías de tónica e dominante, dando lugar a un ritornello en Si maior.

·**O terceiro episodio** con carácter virtuosístico no que se describe a tormenta mediante escalas rápidas ascendentes e a variación da intensidade do son. Dará lugar a un ritornello en Do# menor.

·**No cuarto episodio** recupérase o diálogo entre o solista e os dous violíns da orquesta. Nese momento desaparece a tormenta e vólvese a escoitar o canto dos paxaros, sobre unha armonía estática.

· Por

·Último un tutti en Mi maior, dando lugar a un **quinto episodio** no que o violinista solista conduce ao ritornello final en MI maior.

Guía de escoita

Despertar da primavera: (esta parte tócaa toda a orquesta, o *tutti*).

·**Melodía principal. Intensidade:** *forte*

·**Repetición:** intensidade *piano* (suave).

·**Presentación dunha melodía paralela:** intensidade *forte*.

·**Repetición:** intensidade *piano*

O canto dos paxaros:

·Tres violíns cantan como si foran paxaros (toca o *Concertino*)

·A orquesta repite o tema principal (*Tutti*)

O murmullo das fontes:

·Os tres violines, o *concertino*, intentan recordar ao son da agua.

·A orquesta, o *Tutti*, repite o tema principal.

La tormenta:

·Estalla a tormenta da man do *concertino*.

·A orquesta, o *Tutti*, repite o tema principal

A calma:

·Despois da tormenta chega a calma representada por outro canto de paxaros e interpretado polo *concertino*.

Final:

·A orquesta retoma o tema modificándoo para darlle carácter de final, svólvese a oír o tema principal *forte* e logo *piano*.

Representación da obra con imaxes



Opinión crítica

Como xa se sabe, esta obra musical en conxunto, consiste en representar a través de elementos da linguaxe musical as catro estacións do ano. Coa estación da primavera a persona que está escoitando pode diferenciar tres partes: unha primeira na que a música ten un ritmo rápido pero tranquilo no que se pretende transmitir alegría; o que se quere representar nesta parte é o comezo da primavera onde os paxaros cantan nun día alegre e soleado. Na segunda parte quérese representar unha tormenta que utiliza unha ritmo máis forte e grave transmitindo certa tensión; e por último vólvese á calma cun ritmo máis rápido pero coa tranquilidade que se transmitía ao principio da obra.